

Olladas sobre  
*Ramón Piñeiro*

Edita:  
Xunta de Galicia  
Presidencia  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Autores:  
Luís Aldegunde  
Sara Paz

# 1. O NENO QUE QUERÍA VER O TREN

Ramón Piñeiro López naceu no concello lugués de Láncara. Súa nai era da Pedreira e seu pai de Armea de Abaixo. Foi neste lugar, na casa de Baixo, situada á beira do camiño real, no que el viu a luz un 31 de maio de 1915. Os seus primeiros recordos evocan un recullo pechado por dous bancos no que súa nai o deixaba, mentres facía os labores, para que non caese na lareira. Tamén lembra cando súa nai lavaba na pía mentres el sentía o sol que se coaba entre as mazairas da horta da casa familiar. Contradicindo as lendas que relacionaban a construción da casa co achado dunha arqueta chea de ouro, a súa nai, Vicenta, tivo que emigrar a Bos Aires deixando dúas nenas -a máis nova, moi pequena, morreu estando ela na Arxentina- para traballar de ama de cría e doncela e poderen así rematar a vivenda. Segundo conta Ramón, os de Baixo eran considerados polos veciños como xente rara e intelixente.<sup>1</sup> El tamén se lembra a si mesmo como un neno distinto, que xogaba só, e cunha tendencia á introversión, que o seu irmán máis novo, Aníbal, sinala como “característica da familia”. Con todo, non era esa unha situación que o incomodase senón que, máis ben, se sentía a gusto nese illamento. Era un rapaz reflexivo que aproveitaba os momentos de soidade, coma cando andaba tornando as vacas na Namela, para as súas “conversas interiores”.<sup>2</sup>



Casa natal de Ramón Piñeiro en Armea de Abaixo, no concello lugués de Láncara.

1 Ramón Piñeiro: *Da miña acordanza. Memorias*. Galaxia/Fundación Caixa Galicia, Vigo, 2002, p. 24.

2 *Ibidem*, p. 17.

Seu pai, Salvador, xa lle ensinara a ler, ortografía e “as catro regras” antes de mandalo á escola. Non lle ensinou a escribir porque era un home preocupado pola caligrafía, que daquela era moi valorada, e non quería que o seu fillo collese malos costumes ao se poñer a escribir antes de tempo. Ramón, porén, practicaba a escritura sen o saber seu pai imitando as letras que vía nos textos impresos sen máis axuda cá dun garabullo ou palla mollada en auga. A súa primeira escola estaba na casa do Muiñeiro, en San Pedro. Alí bateu coa diglosia por primeira vez. A memoria de Piñeiro non deixa o escolante en bo lugar porque observaba nel o uso do castelán coma un instrumento de infravaloración dos que falaban galego, que eran todos agás o mestre. Esta situación magoaba a aquel rapaz porque non só vía subestimados os compañeiros de clase, senón tamén os seus familiares e veciños.

Tanto lle oíra falar Ramón a seu pai do tren que o misterio do funcionamento deste medio de comunicación foi “o primeiro problema intelectual”<sup>3</sup> que o preocupou. Se se collía o tren, era para ir a Lugo e dende a Armea hai dúas posibilidades: a estación da Pobra de San Xiao ou a de Sarria. Nesta última vila foi na que Ramón viu, non sen temor, que se agachaba detrás daquel misterio e tamén descubriu o funcionamento da luz eléctrica. Aquela viaxe, para ir ao san Froilán a Lugo, deixou unha forte impresión naquel neno de sete anos.

Polo demais, a infancia de Ramón Piñeiro non se diferenciou moito da de calquera outro neno de aldea naqueles tempos. O tempo marcábano os traballos do campo e as novidades viñan dadas polas feiras e as festas –as máis importantes, a do san Vitorio na súa parroquia e a do Carme na veciña de San Pedro–. O que xa non era habitual entre os rapaces da súa idade era ir estudar a Lugo, circunstancia que revela o interese dos seus pais pola educación do fillo. Foi en 1924 cando marchou á capital para cursar o bacharelato elemental acompañado da súa irmá maior e da súa nai mentres seu pai queda na Armea. Alí estuda os tres anos cos que obtén o título de bacharel, que era o obxectivo da súa familia. Así e todo, aínda ficou un ano máis en Lugo. Nestes catro anos descubriu tamén o pracer da lectura. Comezou por revistas infantís e novelas para rapaces e acabou mercando clásicos coma Dante ou Petrarca. Acórdase, así mesmo, dunha antoloxía poética na que puido ler por primeira vez a Rosalía. En 1928, con trece anos cumpridos, volve para Armea.

---

3 Ibidem, p. 18.

## || Textos e actividades



A primeira escola de Ramón Piñeiro estaba na casa do Muiñeiro.

### A lingua da escola

Deica entón -deica os seis anos- a miña lingua única fora a galega, así que o choque máis importante que me produciu a escola foi o cambio de lingua. O escolante, que era de Lugo, falaba en castelán dentro e fóra da escola e falábao con todo o mundo, mesmo que fosen nenos ou vellos, homes ou mulleres, labregos ou cregos. Non facía a menor concesión. Falaba en castelán coa intransixente firmeza de quen cumpre un alto e sagrado deber. Eu tiña a vantaxe de que coñecía o castelán porque sabía ler ben e tamén sabía escribir. Non tiña dificultade intelectual para entender e aínda para falar elementalmente o castelán, que era unha situación privilexiada entre os nenos que estaban na idade de entrar na escola. Mais como a miña expresión espontánea e habitual se manifestaba en galego -o galego era o meu idioma-, o súpeto e ríxido cambio de lingua producía en min un sentimento de distancia psicolóxica. Ademais da autoridade da súa idade, do seu saber e do seu poder, o escolante tiña outra estraña autoridade: a da lingua. A idade, o saber e as facultades propias da súa función dábanlle ao escolante unha superioridade natural dentro do noso mundo infantil. Pero a utilización ríxida dunha lingua distinta da nosa,

dunha lingua que “excluía” a nosa, dáballe unha autoridade estraña, unha autoridade que non era natural, unha autoridade que tiña un significado negativo, xa que en lugar de establecer a “superioridade persoal” do mestre trataba de establecer a nosa “inferioridade colectiva”. E non só a nosa inferioridade en canto escolares senón a inferioridade nosa en canto galegofalantes. Mais esa inferioridade englobaba tamén os nosos pais, os nosos irmáns e familiares, os nosos veciños, a todo o que era o noso mundo propio.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia.

- En que situación se atopaba o galego na escola de Ramón Piñeiro?
- Que nome recibe a situación de contacto entre linguas na que un idioma se reduce a ámbitos familiares mentres que outra, considerada superior, é a que se debe empregar nos contextos de máis prestixio social?
- Estas lembranzas de Piñeiro refírense a acontecementos de hai 90 anos. Que semellanzas ou que diferenzas encontras coa situación do galego na túa aula?
- Entra no sitio web <http://www.unesco.org/es/languages> e explica a importancia de promover o plurilingüismo.
- Consulta un mapa de linguas de Europa, por exemplo en:

[http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/loia/mapas/grandes/0\\_001\\_gl.gif](http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/loia/mapas/grandes/0_001_gl.gif)

e responde:

-A diversidade lingüística é unha situación rara ou habitual nos países europeos?

- Le este poema de Manuel Rivas.

Fonema

Do máis aló da gorxa,  
dun profundo e misterioso fol,  
saíannos sons que debiamos matar.  
Repitan, dicía o mestre:  
*Los pájaros de Guadalajara tienen la garganta llena de trigo.*  
Pero Lolo o do Rito dicía que *los pajaros de Juadalagara tienen la jar-*  
*janta llena de trijo.*  
E o mestre dáballe un pau.  
A min custoume algún traballo dicir sen respirar  
que había plantas monocotiledóneas  
pero non dei sabido de que familia era  
se é que a tiña  
o toxo que douraba os montes de Galicia.  
Manuel Rivas, *O pobo da noite*, Xerais.

-Xustifica o título do poema.

-Que pretendía o mestre facendo que os alumnos pronunciasen a oración que el lles propoñía?

-Como cualificarías a actitude do mestre perante o seu alumnado? É semellante á do mestre de Ramón Piñeiro?

## O tren

Polo serán fomos á estación de ferrocarril para tomar o tren a Lugo. Lembro que estabamos agardando na plataforma, que detrás de nós había un montón de carbón e que o meu pai falaba cun coñecido del. Eu agardaba cunha curiosidade tensa por ver o tren. Cando apareceu a máquina, tan grande, tan negra, bufando e correndo cara a nós, collín pánico e botei a correr sobre o montón de carbón. O meu pai colleume e tranquilizoume, explicándome que o tren non podía saír dos carrís. Subimos ao vagón cheo de xente, e eu ía un pouco intranquilo polo escachapelear das rodas e porque tiña a sensación, unha miga mareante, de que as árbores, as pontes e as casas corrían velozmente en dirección contraria á nosa. Todo aquilo era estraño e producíame unha impresión forte que ficou gravada na memoria.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia. (Adaptación)

## A luz eléctrica

No comedor había unha luz colgada do teito que non era un candil nin unha vela, as dúas luces que eu coñecía. Como eu a ollaba con asombro, explicáronme que era luz eléctrica, que non se acendía con lume e non se apagaba soprando. Foi para min unha gran sorpresa, e permitíronme comprobar esas características acendendo e apagando eu mesmo coa chave que estaba a carón da porta.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia/Fundación Caixa Galicia.

- Case contemporáneas dos recordos da infancia de Piñeiro son dous textos de Castelao e Rafael Dieste. Le o conto “O vello que quería ver o tren” do libro *Dos arquivos do trasno* de Rafael Dieste e o relato “Aínda eu non nacera...” de *Cousas* de Castelao e sinala que semellanzas atopas cos recordos de Ramón Piñeiro ?
- Le o poema de Manuel Curros Enríquez “Na chegada a Ourense da primeira locomotora” e di que representaba o tren no poema do autor de Celanova e na imaxinación dun rapaz de Láncaza que nunca o vira.
- Busca en Internet noticias sobre a chegada do AVE a Galicia e fíxate nos titulares que atopas. Son titulares informativos -resumen a noticia- ou valorativos -expresan unha opinión con respecto á información-? Cres que a chegada do tren de alta velocidade ten a mesma importancia que a do primeiro tren a finais do século XIX? Por que?
- O temor ante o que daquela eran as novas tecnoloxías non era exclusivo dos nenos. Poucos anos antes de nacer Piñeiro, os espectadores quedaban impresio-

nados pola proxección de imaxes en movemento sobre unha pantalla. Busca en youtube *A chegada do tren á estación de La Ciotat*, dos irmáns Lumière (1895). Tamén podes ver *Asalto e roubo a un tren* de E. S. Porter (1903), o filme da famosa escena na que un home lle dispara á cámara, e que provocou grande impacto nos espectadores.

- Compara a reacción de Ramón Piñeiro coa que Carlos Casares, amigo e discípulo seu, describe nun dos seus libros:

E de repente, a marabilla. Unha locomotora lanzada a toda velocidade contra a sala provocou pánico e desbandada. A xente empezou a correr e a berrar. Algúns trataron de abrir a porta. As mulleres choraban. O tratante escondérase debaixo do banco. O can ladraba. Un vello pedía socorro. Durante os dous minutos que durou a proxección da cinta, a sala converteuse nunha especie de feira, na que resultaba imposible atender ás imaxes que se reflectían sobre a saba.

Carlos Casares, *Ilustrísima*, Galaxia.

- En <http://www.cirp.es/pub/docs/crp/crp02.pdf> tes un arquivo coa cronobiografía de Ramón Piñeiro. Escolle os acontecementos máis relevantes da súa vida e sitúaos nunha liña do tempo.



Carlos Casares foi amigo e biógrafo de Piñeiro.

# 1. UN MOZO GALEGUISTA

Dende os trece aos quince anos Ramón Piñeiro participaba nos labores do campo coma o resto da súa familia e os seus veciños. Os momentos que o traballo lle deixaba libre dedicábaos á lectura de libros e xornais, unha afección que compartía con seu pai. O seu interese pola actualidade facía que o adolescente que daquela era Piñeiro acabase por resumir cada domingo, no adro da igrexa, as noticias semanais para os seus veciños aos que, así mesmo, lles lía e respondía cartas para familiares emigrados.

A formación de Piñeiro puido verse interrompida neste punto se non fose polo interese que puxo un amigo seu, fillo do secretario do concello, en facerlle ver ao pai de Ramón as capacidades que este posuía para continuar os estudos. Comezou a traballar nun comercio de Sarria e alí mercaba o xornal *El pueblo gallego*, o que supuxo un primeiro contacto co galeguismo e cos artigos que nel publicaba Otero Pedrayo. O 14 de abril de 1931 proclamouse a República e tivo ocasión de asistir a un mitin de Ánxel Fole e Lois Peña Novo. Ao ano seguinte a súa familia decidiu que cursase en Lugo o bacharelato superior e entrou en contacto coas Mocidades Galeguistas.

Os anos que coinciden coa infancia e a adolescencia de Piñeiro foron un fervedoiro de acontecementos políticos e sociais. Cando el estaba a punto de cumprir un ano créanse as Irmandades da Fala. A primeira nace na Coruña o 18 de maio de 1916, e a esta seguíronlle a de Santiago, Monforte, Pontevedra, Ourense e outras. Xurdiron coa intención de fomentar a dignificación social do idioma e promover o seu uso en ámbitos nos que ata daquela estaba ausente: o ensino, a ciencia, actos públicos etc. No ano 1918 redactárase o Manifesto da Asamblea Nazionalista de Lugo, considerado o documento fundacional do nacionalismo. Dentro do programa político figura a cooficialidade do galego e o uso no ensino e a xustiza. Tamén demandan a constitución dun goberno e parlamento propios, a autonomía integral para Galicia, a igualdade de dereitos para a muller -incluído, obviamente, o voto feminino- e outros aspectos democráticos que non existían daquela en ningún país de Europa. O seu órgano de expresión foi a revista *A Nosa Terra*, que se publicou ata 1936.

Conforme as Irmandades van incrementando os seus obxectivos e van pasando do plano lingüístico ao político maior vai ser a súa implicación nos problemas de Galicia. Así, na VII e última asemblea das Irmandades, celebrada en Pontevedra no ano 1931, acórdase a fundación do Partido Galeguista para unir todos os que loitaban polo recoñecemento da personalidade de Galicia. As figuras máis destacadas serán Alexandre Bóveda, Castelao e Otero Pedrayo. O Partido Galeguista tiña unha organización xuvenil formada a partir de grupos locais que confluíron na Federación de Mocidades Galeguistas e na que figuran -á fronte de cadansúa secretaría- Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto, dous nomes clave no futuro político de Ramón Piñeiro.

En 1932 Piñeiro asiste a un mitin galeguista no Teatro Principal de Lugo, no que interveñen Valentín Paz Andrade, Ramón Suárez Picallo e Castelao. Este último impresioná-

rao polo seu discurso “cheo de sinceridade e dun grande equilibrio entre a sinxeleza expresiva e a fondura emotiva”.<sup>4</sup> Lembra a metáfora na que Castelao compara a República cunha pequena arboriña que necesita estacas para ser protexida. “O perigo está en que prendan as estacas e seque a arboriña”.<sup>5</sup> Durante este mesmo ano desenvolveuse o laborioso proceso de elaboración do Estatuto de autonomía de Galicia que non foi plebiscitado ata 1936.

Aos dezasete anos Piñeiro funda con outros compañeiros de instituto as Mocidades Galeguistas de Lugo para espertar a conciencia colectiva de Galicia. Convidan a pronunciar unha conferencia a Ramón Otero Pedrayo e Piñeiro vai agardar por el á estación do tren. Tras unha charla de dúas horas no café Méndez Núñez, Otero Pedrayo queda impresionado polo rapaz e foi contando que en Lugo había “un verdadeiro Erasmo”.<sup>6</sup> Por esas datas Piñeiro escribe os seus primeiros artigos de contido político nos que xa destacaba pola súa moderación e afán conciliador. Segundo Miguel Barros, Piñeiro foi un federalista precoz que xa neses primeiros textos fai uso plenamente consciente daquel termo.



No hotel Méndez Núñez falou por primeira vez con Otero Pedrayo.

---

4 Ibidem, p. 38.

5 Ibidem.

6 Ibidem, p. 39.

En 1933, con dezaoto anos, participa como representante dos galeguistas de Lugo no congreso do Partido Galeguista que tivo lugar en Santiago e alí coñece a Castelao. Tamén visita a editorial Nós e coñece o seu impulsor, Ánxel Casal, e mais a Camilo Díaz Baliño e Luís Seoane. En 1934, xa con dezanove anos, le a *Teoría do nazonalismo galego*, de Vicente Risco, a quen non coñecerá ata un ano despois.

Otero Pedrayo invítalo a tomar parte, cando só contaba vinte anos, no Mitin das Arengas o Día de Galicia de 1935, no que tamén intervén Castelao, daquela desterrado en Badaxoz polo goberno de Lerroux. En 1936 realízase a campaña polo plebiscito do Estatuto de autonomía. Piñeiro, que era secretario do Comité Provincial, participou nesta campaña e acompañou a Alexandre Bóveda en diferentes actos políticos. O recoñecemento legal da lingua galega que nel se contiña foi un dos obxectivos polos que loitaran os galeguistas, un esforzo que, porén, non recolleu a constitución republicana. A aprobación do Estatuto polas Cortes da República tivo lugar en Montserrat, cara ao final da Guerra Civil, polo que o texto legal nunca se puxo en práctica.

## || Textos e actividades

### A Federación de Mocidades Galeguistas

Os grupos de rapaces que obedecían a unha fe galeguizadora actuaban sen norte claro en variadas cidades e vilas do país. Cumpría unha acción conxunta, guiada por un programa común. Así naceu a Federación de Mocidades Galeguistas. Xurdiu, inicialmente, como movemento de vangarda do partido con plena autonomía. Encarreirouse cara á idea de Galicia como patria e nación. O seu acento era universalista. Afirmaba que sentía os problemas do mundo, pero partindo de Galicia. Anunciaba asemade a irmandade cos mozos das vellas patrias de Europa. O 18 de marzo de 1934 foi elixido o consello inicial. Asistiran Illa Couto e mais eu, como titulares das nosas respectivas secretarías, Iglesia Alvariño en exercicio da súa delegación. Concorreron tamén Ramón Piñeiro, conselleiro comarcal de Lugo, Velo Mosquera do de Ourense, Vila por Vigo e Francisco Ogando por Santiago. Na ocasión, Bóveda escribiulle á Secretaría Xeral dicindo que o Consello do partido estimaba preciso facer presente o desexo das mocidades de contar cun órgano de prensa. Engadía que poderían pedir para facer uso del unha páxina de *A Nosa Terra*, que dirixiamos nós. Así ocorreu. Apareceu un algo despois nas páxinas do semanario, *Guieiro*, un órgano propio no que reflectir ideario e actividades.

Francisco Fernández del Riego, *Camiño andado*, Galaxia. (Adaptación)

- Que motivou a unión das agrupacións locais das mocidades nunha federación?
- A quen representaba Ramón Piñeiro no consello inicial da Federación de Mocidades Galeguistas?
- Para que solicitaron as mocidades contar cun órgano de expresión propio?
- Procura a información na Galipedia e explica que era *A Nosa Terra*.
- Quen foi Ánxel Casal? Axúdate dunha enciclopedia e elabora un resumo da súa biografía.

## As ideas políticas de Piñeiro durante a República

Naqueles anos o que me interesaba do galeguismo era a defensa da súa personalidade cultural e o exercicio do autogoberno. Iso parecíame que estaba moi ben exposto en Risco. O exercicio destes dereitos requiría, en primeiro lugar, unha nova forma de organización do Estado que recollese nunha unidade xurídica a diversidade de pobos que conformaban a realidade española, absorbida, desde a creación do estado moderno, pola hexemonía castelá. Polo que se refire á fórmula concreta desa organización estatal, eu pensaba que un federalismo que non cuestionase a unidade estatal podía ser a solución, pois permitiría acceder ao autogoberno sen caer na disgregación particularista que suporía a disolución do Estado español. Resolta a articulación do Estado, a min parecíame que a execución do programa do Partido Galeguista en materia económica, social e cultural marcaría o inicio dunha nova etapa na historia de Galicia. En defensa desas ideas participei na vida interna do galeguismo ao longo de toda a etapa republicana. Á parte do labor diario nas tarefas de traballo e organización, recordo con emoción especial a intervención nalgúns actos, como foi o Mitin das Arengas que se celebrou na praza da Quintana, en Santiago, o día 25 de xullo de 1935, cando tiña vinte anos, e no que participei como orador, a proposta de Otero Pedrayo, xunto con Castelao e outras figuras destacadas do galeguismo. Isto do Mitin das Arengas era un costume que establecera o Partido Galeguista para celebrar a festa do 25 de xullo e que consistía nun mitin no que se pronunciaban varias arengas, cada unha de moi poucos minutos.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia/Fundación Caixa Galicia. (Adaptación)

- Como resumirías o ideario político de Ramón Piñeiro durante a República?
- A que obra de Vicente Risco cres que se refire Piñeiro neste texto? Que outras obras escribiu? A que xeración literaria pertencía? Cales foron as achegas máis importantes que esa xeración lle fixo á literatura galega? Que revista, intimamente vinculada a esta xeración, se publicou entre 1920 e 1936? Quen se ocupaba da dirección literaria e artística desa revista?
- Que é unha arenga? En que consistía o Mitin das Arengas?
- Busca nun dicionario enciclopédico a vocábulo federalismo e explica en que consiste esta ideoloxía.
- Como vía Piñeiro o galeguismo desta etapa histórica? Descarga o podcast “Reflexións sobre o galeguismo” e compróbo oíndo a súa propia voz en:  
[http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/podcast/?page\\_id=77](http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/podcast/?page_id=77)
- Procura na Wikipedia o artigo sobre as misións pedagóxicas da época republicana. En que consistían? Por que eran necesarias? A que eidos da cultura lles prestaban atención?
- Logo de ler o relato de Manuel Rivas “A lingua das bolboretas” ou ver a película do mesmo título, explica que papel tiña a educación na sociedade daquela época. Que relación se establece entre o mestre e o seu alumnado?

### 3. NO ERMO

O golpe militar e a contenda civil que comezou o 18 de xullo de 1936 supuxo a destrución de todos os logros acadados durante a época das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. Institucións coma o Seminario de Estudos Galegos, entidades coma a editorial Nós, publicacións coma a revista *Nós* ou *A Nosa Terra* e todas as iniciativas que tiveran que ver coa cultura ou a política galeguista foron pechadas e moitos dos seus promotores, asasinados. Foi o caso de Ánxel Casal –alcalde de Santiago e responsable da editorial Nós–, Alexandre Bóveda, Camilo Díaz Baliño, Roberto Blanco Torres ou Xaime Quintanilla. Os que puideron salvar a vida tiveron que tomar o camiño do exilio ao finalizar a Guerra Civil, coma Castelao, Suárez Picallo, Rafael Dieste, Alonso Ríos ou Luís Seoane. Longa noite de pedra, anos escuros, tempo de silencio e expresións similares traducen o ambiente de terror, ausencia de liberdade e deserto cultural que se padeceu na Galicia de posguerra.

A guerra sorprendeu a Ramón Piñeiro no Goberno Civil de Lugo, onde estaba reunido co gobernador e o alcalde á espera de acontecementos. Piñeiro representaba o Partido Galeguista na Comisión de Defensa da República. Cando entra a Garda Civil para detelos, Piñeiro faise pasar por funcionario facendo que remexía nuns papeis. Despois de agocharse en Láncara e Lugo, incorpórase ao exército franquista como único modo para salvar a vida. Deste xeito, tanto el como Fernández del Riego tiveron que sufrir o dobre drama de combater nunha guerra civil e, asemade, loitar contra a República que sempre defenderan. Á parte dos horrores que vive na guerra, circunstancias concretas, coma os fusilamentos duns compañeiros galeguistas que intentaran escapar ao bando republicano ou o cambio de comportamento de bos rapaces que logo se apuntaban a fusilar prisioneiros para quedaren coa súa roupa, horrorízano de tal forma que cae nunha crise depresiva. Froito destas vivencias nacerá, segundo confesa nas súas memorias, o seu interese pola filosofía.<sup>7</sup> A contenda acabou en abril de 1939 coa derrota das forzas republicanas e Piñeiro volveu á casa. O seu irmán Aníbal aínda lembra o berro emocionado de súa nai cando viu chegar a Ramón polo camiño que leva á vivenda familiar da Armea.

Ao rematar a Guerra Civil, o Partido Galeguista estaba desarticulado, pero o pequeno núcleo de superviventes axiña comezou a reorganización. Dende 1939 a 1943 Piñeiro traballou na súa reconstrución percorrendo Galicia para contactar cos compañeiros que aínda quedaban. Mentres, asistían ao desenvolvemento da II Guerra Mundial coa única información da radio BBC de Londres. Aínda que houbera galeguistas que intentaran reconstruír o Partido Galeguista pola súa conta, como Ramón de Valenzuela, Piñeiro sempre tivo claro que ese labor tiña que corresponderlle a Manuel Gómez Román, que fora o último secretario xeral. Os galeguistas reúnen na casa de Francisco Fernández del Riego e constitúen un comité executivo do Partido Galeguista, ao tempo que intentan contactar con Castelao e o resto do exilio, dos que non tiñan novas.

---

7 Ibidem, p. 60.



Ramón Piñero en 1941.

Ramón Piñeiro comezara –en 1942– os estudos de Filosofía en Madrid e alí establece contacto con vascos –que servirán de enlace con Castelao– e cataláns, aos que consideraba os aliados naturais nas aspiracións autonomistas de Galicia. Piñeiro sempre defendera o Pacto de Galeuzca, que se asinara por primeira vez en 1923 e que se recuperou en Bos Aires en 1941 acompañado dunha revista co mesmo título animada por Castelao. Dende Madrid, Piñeiro segue traballando na clandestinidade –sempre pensando en recuperar a legalidade republicana e o Estatuto plebiscitado en 1936– ao tempo que facía de ponte entre o galeguismo do interior e o do exilio.

Ao final da II Guerra Mundial existían na diplomacia internacional dúas estratexias distintas con respecto á ditadura española: por unha parte, a estadounidense, que avogaba por instaurar a República; por outra, a inglesa, que sostíña a necesidade de respectar o resultado da Guerra Civil, xa que outra opción podía xerar máis violencia, e consideraba a posibilidade de restaurar unha monarquía parlamentaria na figura de don Juan de Borbón.

Os galeguistas do interior deciden ir entrevistarse con José Giral, presidente da República no exilio de París, e designan para esta tarefa a Ramón Piñeiro, que cruzou a fronteira a pé. A súa misión era situar a Castelao –figura de consenso entre as forzas políticas galegas– como ministro dese goberno e vencer as reticencias de Giral, que prefería a Portela Valladares. Aínda que conseguiu ese obxectivo, puido comprobar que as posibilidades que o goberno de Giral tiña de restablecer a República eran nulas.

Por outra parte, as esperanzas que se tiñan de que a vitoria dos aliados sobre Hitler e Mussolini provocase a caída da ditadura en España esvaecéronse cando Franco pasou a ser un aliado dos Estados Unidos na Guerra Fría que comezaba. Nesta situación crítica para os movementos democráticos que loitaban na clandestinidade, sen apoio internacional, carecendo dunha organización interna –que a represión facía inviable– e cos líderes que non foran asasinados no exilio, non parecía abrirse outro camiño que un cambio de estratexia.

Ao volver de París é detido cando asiste a un faladoiro que tiñan no café Pidoux –en Madrid– galegos, vascos e cataláns, malia ser advertido dos riscos de acudir. Tamén deteñen os seus compañeiros de pensión, entre os que estaba Koldo Mitxelena, que chegaría a ser un prestixioso lingüista e bo amigo de Piñeiro. Grazas ás xestións dos vascos –que, ademais, gozaban de influencia no goberno dos EUA– para protexeren a Mitxelena, non os someten a tortura na Dirección Xeral de Seguridade. Ramón Piñeiro é condenado a seis anos de cárcere, dos cales cumpriu tres –de 1946 a 1949– e de onde saíu cunha grave enfermidade nos ollos. No cárcere impartiu filosofía a outros presos e Cesáreo Saco, compañeiro do Partido Galeguista, ensina gramática galega e castelá. Logo ampliaron ese labor docente con charlas sobre economía, historia ou xeografía.



FOTO 6: Retrato de Piñeiro feito no cárcere por R. Bastif (1947).

Na prisión non perdeu o contacto co exterior porque recibe visitas da muller do escritor e mestre galeguista Xosé Ramón Fernández Oxea. Ela, facéndose pasar por parente súa, vaino informando das actividades do Partido Galeguista e lévalle libros de parte de Fermín Penzol. Foi precisamente Penzol quen elaborou un documento –que Piñeiro compartía– no que expresaba a opinión dos galeguistas do interior, no que consideraban prioritaria a recuperación da democracia, fose esta republicana ou monárquica. Isto provocou desavinzas con Castelao, que se negara a aceptar calquera fórmula que non fose a restauración da República, sobre todo tendo en conta que os monárquicos apoiaran a Franco durante a Guerra Civil. O goberno de Giral é substituído polo de Llopis e Castelao volve a Bos Aires.

A estas posturas diferentes ante a estratexia que cumpría seguir, désígnaa Miguel Barros como historicista e revisionista. A primeira corresponde á visión dos exiliados, que pretenden recuperar o estado das cousas no punto en que o deixaran cando se viron obrigados a abandonar Galicia; a segunda sería a do exilio interior, aqueles que viven

dentro de Galicia, que coñecen a realidade de primeira man e que deben adaptarse ás circunstancias que a evolución dos acontecementos políticos van marcando.

A partir do ano 1947 está claro que a solución democrática republicana é inviable. Ramón Piñeiro considera que o galeguismo ten un só camiño: a defensa e afirmación dos valores culturais galegos. Nese mesmo ano, Castelao envía a Galicia o seu home de confianza, Rodolfo Prada, que visita a Piñeiro no cárcere e lévalle unha aperta de parte dos seus “familiares” na Arxentina. As discrepancias ideolóxicas que daquela mantiñan non impedían un grande afecto persoal. Só aumentarían as desavinzas cos galeguistas do Consello da Galicia de Bos Aires logo da morte de Castelao, cando estes acusan aos de Galicia de facer culturalismo e abandonar a loita política. Piñeiro respóndelles que o único campo de acción é orientar a opinión galega “a través da acción cultural”.<sup>8</sup> Neste contexto aparece a editorial Galaxia.



FOTO 5: Piñeiro ao saír do cárcere, en 1949.

---

8 Ibidem, p. 155.

## || Textos e actividades

### Trinta meses de horror

Despois de trinta meses de horror, vendo as mortes, os asasinatos, os fusilamentos, o comportamento da xente, tiña a sensación de que a vida se volvera incomprendible. O que vía resultaba irracional. Entón acentuouse en min a necesidade de comprender por que os seres humanos eran así, por que se comportaban como feras. Deste xeito fun pasando do plano do inmediato, que refugaba por absurdo, ao plano da transcendencia, onde buscaba os cimentos que me faltaban.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia/Fundación Caixa Galicia.

- A que se refire Ramón Piñeiro coa expresión “trinta meses de horror”?
- Como reacciona Piñeiro ante os sucesos que tivo que sufrir?
- Ese mesmo horror foi plasmado por Castelao nos seus álbums da guerra (*Atila en Galicia*, *Galicia mártir* e *Milicianos*). Repasa a colección de debuxos conservados no Museo de Pontevedra en:

<http://www.museo.depo.es/coleccion/catalogo.castelao>

- A Guerra Civil provocou o exilio dos que puideron escapar da represión. Como o fixeron e a onde foron? Visita a páxina:

<http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=6235> e descúbreo.

- Tes unha visión da represión franquista na obra de Manuel Rivas *O lapis do carpinteiro* e tamén na película baseada nesa novela. Que persoeiros dos que viches nesta unidade aparecen nela?

### Detido en Madrid

Estiven na Dirección Xeral de Seguridade vinte e seis días, durante os cales me sometiron a cinco interrogatorios dunhas tres horas de duración cada un. Afortunadamente non se produciron malos tratos físicos, aínda que, en ocasións, supoño que para dobregar a miña resistencia moral, mentres esperaba a miña quenda, deixaban aberta a porta dun cuarto contiguo, onde tiñan sentada unha cadeira, no medio e medio do cuarto, a unha señora duns sesenta anos, á cal golpeaban brutalmente uns policíaos noviños que podían ser, pola idade, os seus fillos. O espectáculo era arrepianante. Logo souben que se trataba dunha señora socialista. O que non sabía daquela, o cal me tiña bastante desconcertado, era a razón de por que a policía me trataba dunha maneira tan distinta, incluso con certo respecto.

A razón coñecida despois. Como dixen, entre os detidos estaba o meu compañeiro de pensión Koldo Mitxelena, militante do PNV. En canto se produciu a detención púxose en marcha o eficaz aparato do nacionalismo vasco, que daquela contaba coa influencia que

Aguirre tiña no Departamento de Estado americano, e deseguida se fixeron xestións no eido diplomático para protexernos a todos os que fomos detidos xunto con Mitzelena.

O peor da vida do cárcere eran os fusilamentos, que naqueles anos se producían con frecuencia. Moitas veces, de madrugada, espertábanos un berro (“Compañeiros, que nos sacan”) e inmediatamente todos nos erguíamos no interior das celas e nos puñamos a petar ritmicamente con calquera obxecto contra as reixas ou as portas e as paredes, a xeito de protesta e despedida.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia/Fundación Caixa Galicia. (Adaptación)



Piñeiro, primeiro pola esquerda, no cárcere de Yeserías (1948).

- Que é o que máis o impresionou mentres estivo na Dirección Xeral de Seguridade?
- Por que se salvou Ramón Piñeiro de ser torturado?
- Por que cres que o réxime franquista permitía uns feitos como os que relata Piñeiro?

## Cunetas

¡Outra vez, outra vez o terror!  
Un día e outro día,  
sen campás, sen protesta.  
Galicia ametrallada nas cunetas  
dos seus camiños.  
Chéganos outro berro.  
Señor, que fixemos?  
-Non fales en voz alta.  
Até cando durará este grande enterro?  
-Non chores que poden escoitarte.  
Hoxe non choran máis que os que aman a Galicia.  
Os milleiros de horas, de séculos,  
que fixeron falta  
para facer un home!  
Teñen que se encher aínda  
as cunetas  
con sangue de mestres e de obreiros.  
Lama, sangue e bágoas nos sucos  
son semente.

.....

Docemente chove.  
Enviso, arrodéame unha eterna noite.  
Xa non terei palabras para os meus versos.  
Desvelado, pola mañá cedo  
baixo por un camiño.  
Nos pazos onde se trama o crime  
ondean bandeiras pingando anilina.  
Hai un aire de pombas mortas.  
Tremo outra vez de medo.  
Señor, isto é o home.  
Todas as portas están pechadas.  
Con ninguén podes trocar teu sorriso.  
Nos arrabás,  
bandeiras batidas e esfarrapadas.  
Deixa atrás a vila.  
Ti sabes que todos os días  
hai un home morto na cuneta,  
que ninguén coñece aínda.  
Unha muller sobre o cadáver do seu home  
chora.  
Chove.  
Negra sombra, negra sombra!  
Eu ben sei que hai un misterio na nosa terra,  
máis alá da néboa,  
máis alá do mar,  
máis alá da chuvia,  
máis alá do bosque.

(Lugo, marzo, 1937)

Luis Pimentel, *Poetas galegos do século XX*, Espiral Maior.

- A que feitos históricos se refire este poema?
- Cal é a actitude da voz poética ante eses feitos?
- Aínda que Pimentel o escribiu durante a Guerra Civil, este poema non se publicou ata 1966, na revista *Galicia hoy* de Bos Aires. Sería posible editalo en Galicia nesas mesmas datas? Por que?
- Procura a información e di cales foron as xeracións poéticas da posguerra en Galicia. Pertenceu Luís Pimentel a algunha delas?
- Consulta a ruta palabras en [www.loia.org](http://www.loia.org) e resume a etapa de 1936 a 1975.



## 4. A ESTRATEXIA DE GALAXIA

Despois da derrota militar de 1939 e da diplomática a finais dos anos 40, ninguén vía posible a recuperación da República e a entrada en vigor do Estatuto. O réxime ditatorial de Franco consolidábase e non se apreciaba no horizonte inmediato un cambio nesa situación. Os galeguistas consideraron que era preciso mudar de estratexia para a salvación do movemento galeguista nesas circunstancias tan adversas. Por outra parte, observaban como as novas xeracións estaban sendo “formadas” nun clima de autoodio no que o galego non só ficara apartado do sistema educativo e de todo acto público, senón que se agravaba a situación de diglosia e, polo tanto, o desprestixio social da lingua. Ademais, os galegos que naceran na década dos trinta e dos corenta nada sabían da Xeración Nós, dos traballos do Seminario de Estudos Galegos ou de calquera outra angueira galeguista do primeiro terzo do século. Para afrontaren unha situación tan delicada non servía a clandestinidade, porque deste xeito só se chegaría a un número reducido de persoas e o custo no caso de seren detectados sería moi grande. Cumpría actuar desde a legalidade; así xorde a editorial Galaxia.



Ramón Piñeiro nos anos 50.

Galaxia sempre foi moito máis ca unha empresa editora que, partindo dun feito diferencial orixinal, tiña como obxectivo servir de ponte entre a Galicia da preguerra e as novas xeracións espertando nelas a conciencia galeguista. Asemade, impoñíase a tarefa inaprazable de comezar a prestixiar socialmente a lingua. Por este motivo concederon unha grande importancia ao xénero ensaístico e ás traducións, incrementando os ámbitos de uso con achegas que apuntaban ao cerne da diglosia. O nome da editorial suxería, porque non se podía facer de xeito máis explícito, a súa vocación europeísta, xa que Europa significaba daquela o contrario da ditadura franquista: democracia e cultura. Para Carlos Fernández “os intelectuais que habían protagonizar a resistencia cultural na posguerra consideraban que só subliñando o común con Europa cabía desmarcar a Galicia do illamento imposto pola ditadura”.<sup>9</sup>



Piñeiro en 1958.

A editorial tivo un breve precedente entre outubro de 1949 e xaneiro de 1950, cando o xornal compostelán *La noche* publicou un suplemento cultural conducido por Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto e no que colaboraron varios autores, entre eles

---

9 Carlos Fernández: *O vento do espírito. De Vicente Risco a Ramón Piñeiro*, Galaxia, Vigo, 2000, p. 17.

o propio Piñeiro. En xaneiro de 1950 ese suplemento dedicou uns textos á memoria de Castelao –que morrera o 7 dese mesmo mes en Bos Aires– e as autoridades franquistas eliminárono de xeito fulminante. Hai que lembrar, ademais, que Galaxia non foi o primeiro proxecto editorial da posguerra: a finais do ano 1948 vía a luz en Pontevedra a colección de poesía Benito Soto –dirixida por Celso Emilio Ferreiro e Sabino Torres–; en 1949 créase en Santiago Bibliófilos Gallegos, que publicou, entre outras obras, o *Cancioeiro da poesía céltiga* de Julius Pokorny –traducido por Fernández de la Vega e Piñeiro–; e en 1950 publica a súa primeira obra a editorial Monterrey, de Luís Viñas Cortegoso e Xosé María Álvarez Blázquez. Fronte a estes proxectos de gran valor, pero de curto alcance, Galaxia habíase converter no proxecto político-cultural máis importante que houbo na Galicia posterior á Guerra Civil.



Coa súa muller, Isabel, en 1963.

Foron, outra vez máis, Xaime Illa Couto e Francisco Fernández del Riego os que tiveron a idea de botar a andar esta editorial e así chegaron á asemblea fundacional, que se celebrou en Santiago o 25 de xullo de 1950 nos baixos do hotel Compostela. Ramón Piñeiro, que pronto se incorporaría ao proxecto, observou con cautela este movemento porque o feito de poñer un grupo de galeguistas no Consello de Administración parecíalle unha provocación ao réxime franquista. Efectivamente, á fronte da editorial figuraban Otero Pedrayo como presidente; Manuel Gómez Román, que fora secretario xeral do Partido Galeguista, como vicepresidente; Francisco Fernández del Riego, no cargo de secretario;

Xaime Illa Couto, como conselleiro delegado e Ramón Piñeiro, que era o director literario. Por esta razón e máis polos obxectivos que pretendían conseguir, Miguel Barros considera que Galaxia era un verdadeiro partido político.

O primeiro libro que editou Galaxia foi *Antífona da cantiga* de Ramón Cabanillas, aínda que o gran proxecto que eles tiñan en mente era a creación dunha revista que deitase luz sobre o ambiente opresivo do momento. Como as autoridades non concedían permiso para editar novas publicacións periódicas, disfrazárona de colección de libros. Foi así como aparece en abril de 1951 *Presencia de Galicia*, o primeiro número da Colección Grial, no que entre outras achegas se atopa o primeiro ensaio filosófico de Piñeiro: *Significado metafísico da saudade*. Cando esta colección ía polo seu cuarto número, o director xeral de Prensa, que xa lles ordenara aos directores dos xornais galegos a supresión de calquera información ou colaboración na nosa lingua, prohibiu a publicación e así quedaba rota unha das liñas máis importantes da editorial.



A Colección Grial foi prohibida no número 4.

Para os intereses de Galaxia resultaban imprescindibles ferramentas en galego sobre os eidos fundamentais da nosa cultura. Por esta razón editáronse unha serie de manuais entre os que destacan a *Historia da literatura galega* de Fernández del Riego, a *Historia de Galicia* de Vicente Risco, a *Guía de Galicia* de Otero Pedrayo e o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* que deixara inédito Eladio Rodríguez. Outra iniciativa importante foi a creación da colección Illa Nova que ofreceu unha canle para as novas voces que se incorporaban á creación literaria. Máis tarde diversificáronse as coleccións da editorial acollendo todo tipo de temas e xéneros.



Os libros colectivos pretendían encher o baleiro da Colección Grial.  
A revista *Grial* comezou a publicarse en 1963.

O contratempo que supuxera a prohibición da Colección Grial fixo que o grupo de Galaxia se adaptase unha vez máis ás circunstancias e procurase unha nova vía cunha idea de Ramón Piñeiro: a publicación de volumes colectivos. O primeiro foi *7 ensaios sobre*

*Rosalía*, do ano 1952. Once anos despois da prohibición da colección vólvese autorizar unha publicación periódica agora co título de *Grial, revista galega de cultura*. Na presentación destácase que esta segunda época da revista coincide co centenario da publicación de *Cantares Gallegos*. *Grial* acada un gran prestixio, chegando a universidades de Europa e América e a partir do número 52 publícase integramente en galego. No seu 25º aniversario (1988), coincidindo co número 100 da revista, os que foran codirectores desde a fundación, Fernández del Riego e Ramón Piñeiro, cédenlle a responsabilidade a Carlos Casares. Logo da morte deste último, en 2002, Víctor Freixanes será o director de Galaxia, compartindo a dirección de *Grial* con Henrique Monteagudo ata o día de hoxe.



*Almanaque* de Galaxia do ano 1975, no que a editorial celebraba o seu 25.º aniversario.

## || Textos e actividades

### O problema da lingua

Cando a Editorial Galaxia comezou a súa andadura, atopábase en desfeita a cultura en lingua galega. Eran os anos de persecución e de asañ, decorridos a partir do alzamento militar e da posguerra. O idioma non só estaba prohibido no cultivo literario, nos xornais e na vida pública, tamén se combatía en panfletos, e mesmo en artigos e conferencias, escritos ou falados polos adictos. Os rapaces que facían os estudos de bacharelato e universitarios nada sabían da existencia dunha lingua galega culta nin dos escritores que a utilizaran nos seus libros na etapa prebélica. Mantíñase unha loita embirrada contra a fala do país, sen que existise posibilidade ningunha de a defender publicamente. Guindada fóra da literatura, da prensa, do estudo, do ensino, da Igrexa, da Administración, estaba a se perder nun baldío. Só lle quedaba o refuxio coloquial, familiar, no mundo aldeán e das xentes populares. É dicir, nos que a falaron de sempre, coa conciencia social da súa inferioridade fronte á castelá. Arrincando desta realidade comezou Galaxia a súa andaina, case na clandestinidade. Principiou, timidamente, a publicar cousas en galego, cunha mensaxe sintetizada en palabras simbólicas: o propio nome da editora, e o de *Grial*. Con andar paseniño e teimudo, íase conseguindo unha ampliación do novo panorama. De a pouco, íase perdendo o medo ao abouramento, ás interquincias da censura. Foron aparecendo traballos, libros, que chegarían a exercer un importante papel na traxectoria recobradora da cultura. Estábanse a vencer os atrancos, a gañar pasos na literatura, na consideración social da lingua.

Francisco Fernández del Riego, *A xeración Galaxia*, Galaxia. (Adaptación)



Fernández del Riego recolleu nesta obra o labor feito pola xeración Galaxia.

- Que presenza pública tiña a lingua galega na Galicia da posguerra?
- Por que Galaxia e *Grial* son palabras simbólicas?
- Que atrancos tivo que superar a Editorial Galaxia nos seus comezos?
- Busca en Internet as informacións xornalísticas sobre a exposición “Editar en galego baixo a censura franquista” e explica a que dificultades se tiñan que enfrontar autores e editoriais naquela época.
- Castelao morreu no ano en que se fundou Galaxia. Visita o sitio web do Museo Castelao en <http://www.museocastelao.org/morte.html> e fíxate nas instrucións que as autoridades do réxime franquista lle deron á prensa sobre como había tratar a nova do seu pasamento. Por que se fai mención específica ao libro *Sempre en Galiza*?

### A política legal de Galaxia

En 1950 os poucos homes do galeguismo de preguerra viven moi desesperanzados, apenas vinculados entre si e, case sempre, condicionados polo medo. Son as características dun exilio interior, particularmente duro naquelas datas. O ano 1950 é o momento en que Piñeiro, despois de tres anos de prisión, inicia, como unha formiga intelixente e convincente, a reconstrución. En pouco tempo, en poucos meses, Piñeiro cohesiona os vellos amigos, e cohesiónaos coa esperanza que se desprende das súas palabras e dos seus actos. Tamén desaparece, en boa parte, para os vellos amigos, o medo, porque Piñeiro convoca a tarefas presididas en todo momento pola prudencia.

Do que se trataba era de demostrar que Galicia, a Galicia de Murguía e de Castelao, non fose esmagada para sempre. Inexistente na acción o Partido Galeguista, impúñase crear un instrumento, na legalidade, que motivase e impulsase os vellos galeguistas –os únicos– e incitase a aqueles que, coma min, fomos educados pola pedagogía franquista.

Galaxia (1950), unha editorial, sería o instrumento. Cómpre aclarar que Galaxia non foi a primeira editorial da posguerra, pois Bibliófilos Gallegos (1949) e algunha outra son algo anteriores. Agora ben, Galaxia vai ser algo cualitativamente distinto, algo máis –moito máis– ca un obradoiro de libros galegos. De feito, a editorial facía política dentro da legalidade, circunstancia que non pasou inadvertida para algúns dos gardiáns intelectuais do réxime imperante. Sabido é que a Colección Grial foi prohibida a fins de 1951, non porque publicase artigos marxistas ou poemas de denuncia social, senón porque alguén –Ramón Piñeiro– falaba de filosofía en lingua Galega.

Xesús Alonso Montero, *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, Xerais.



Sede de Galaxia en Vigo.

- Que labor desenvolveu Ramón Piñeiro dende o ano 50? Por que inspira confianza nos amigos?
- Por que se prohibiu a Colección Grial?
- Quen eran os vellos galeguistas?
- A que dúas etapas do movemento galeguista se refire ao falar da Galicia de Murguía e de Castelao? Procura nunha enciclopedia a voz 'galeguismo' e resume o seu percorrido histórico.
- Que era o exilio interior?

### Os obxectivos de Galaxia

A Editorial Galaxia xurdiu en momentos nos que predominaba na conciencia colectiva o desnorte, a ignorancia, o escepticismo. Con todo, chegaría a desenvolver unha obra fecunda, no só porque estableceu a continuidade xeracional que as dramáticas circunstancias estiveron a piques de rachar. Os homes de Galaxia viñan ser o pasado recente e, ao mesmo tempo, unha presenza viva. Eran un presente dinámico que ía cara a diante, que se encamiñaba cara ao futuro. Para os fundadores e seguidores supuña unha vivencia, unha experiencia, de amor a Galicia, expresada de xeito honesto, desinteresado, rigoroso. As xentes descoñecían, ou esqueceran, as figuras ilustres que tanto fixeran ao servizo do país, e que a ditadura reduciu ao silencio. Xa non se cría en nada porque Galicia

perdera a conciencia de si mesma. A comunidade, con características culturais específicas estaba a agoniar irremediabilmente. Cumpría establecer a continuidade xeracional atricada, artellando ideas sobre uns e outros, para que a identidade do pobo non se perdese. Por iso Galaxia se propuxo editar libros significativos para a historia e a cultura galegas. Procurou manterse sempre fiel aos obxectivos fundacionais. A empresa bateu, desde o inicio, con duras limitacións: pola falta de recursos económicos, polo rigor da censura oficial, mesmo polo ambiente hostil ou indiferente. Os seus persoeiros querían estimular a conciencia galega e incorporar os mozos á actividade cultural, proxectar fóra de Galicia a presenza da cultura autóctona como símbolo da súa realidade, dar a batalla polo prestixio da lingua enmudecida e desprezada.

Francisco Fernández del Riego, *A xeración Galaxia*, Galaxia. (Adaptación)



As memorias de del Riego recollen momentos compartidos con Piñeiro.

- A que se refire o autor cando di que os homes de Galaxia eran “pasado recente” e un “presente dinámico”?
- Que coñecemento había en Galicia sobre a cultura propia?
- Cales eran os obxectivos prioritarios de Galaxia?
- Achégate ás orixes de Galaxia a través do sitio [www.galaxia.es](http://www.galaxia.es). Cales foron as primeiras edicións?
- Consulta, nese mesmo sitio web de Galaxia, a historia da revista *Grial* e indica cales foron as fases polas que pasou ao longo da súa historia.

### A creación dunha revista

Fálame Fole do proxecto que tedes de publicar unha revista, cousa que me pasma un pouco. Quen a patrocina oficialmente? Quen consegue o permiso de publicación na Subsecretaría de Educación Popular, que os denega todos? Como non sei nada disto, chócame moito que xa sintades a necesidade de solicitar traballos. Fóra destas dúbidas, o plan paréce-me moi interesante e moi plausible, porque a necesidade dunha revista cultural galega –revista sería e de minorías– é cousa que sempre me preocupou moito.

Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto en Francisco Fernández del Riego, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Galaxia. (Adaptación)

- Que inconvenientes vía Ramón Piñeiro para a creación dunha revista?
- Pensaba Piñeiro que era un proxecto necesario para Galicia? Como se chamou a publicación que saíu desta idea?
- Busca nun quiosco e nunha librería as revistas que se publican en galego. A que ámbitos pertencen? Hai algún campo -deportes, novas tecnoloxías etc.- na que non atopases ningunha? Que conclusións tiras da túa pescuda?

## 5. A LINGUA, O PRIMEIRO OBXECTIVO

A defensa da lingua galega e a recuperación do seu prestixio social foi un obxectivo prioritario no labor político de Ramón Piñeiro e a esta angueira dedicou esforzos persoais e tamén colectivos como director de Galaxia. Como xa sabemos, na escola sentiuse magoado polo tratamento que o mestre lle daba á lingua –unha lección de sociolingüística que nunca esqueceu– e máis tarde impresionáralo a oratoria de Lois Peña Novo ao se dirixir ao público dun mitin en Sarria cun galego máis culto que o que escoitara ata daquela. A utilización do castelán en actos públicos non era unha circunstancia precisamente infrecuente, o propio Ánxel Fole empregou un “castelán moi coidado e preciso”<sup>10</sup> nese mesmo acto. Cómpre lembrar que outros persoeiros como o agrarista Basilio Álvarez dirixíanse á súa audiencia, por veces multitudinaria, en castelán e outros distinguidos membros do galeguismo utilizaron de xeito habitual esta lingua na súa vida privada e, por veces, tamén na pública. A situación do galego volvérase dramática ao seren destruídas durante a Guerra Civil todas as institucións que traballaban pola súa promoción e ficar nunha posición de marxinación.




Con Celestino Fernández de la Vega obtivo un premio de tradución por *Cancioeiro da poesía céltiga*.

<sup>10</sup> Ramón Piñeiro: *Da miña acordanza. Memorias*, op. cit. p. 37.

Cando no ano 1950 se funda a editorial Galaxia, son ben conscientes da necesidade de prestixiar o idioma e recuperar ámbitos de uso. Por iso lle conceden importancia ás traducións de ensaios como o de Heidegger, *Da esencia da verdade*, que Piñeiro fixo xunto a Celestino Fernández de la Vega, e co que pretendían acabar co prexuízo –ao que tamén contribuíu o lingüista Dámaso Alonso– de que o galego “só serve para facer poesías ou para lles falar aos labregos, pero é inepto para facer ciencia ou filosofía”.<sup>11</sup>

O compromiso de Piñeiro coa causa da lingua en circunstancias adversas e o aproveitamento das escasas fendas que deixaba a ditadura apréciase no texto que redactou no ano 1954 con ocasión da VIII Asemblea Xeral da UNESCO que se celebraba en Montevideo. Para este foro elaborou un documento no que denunciaba a persecución que o franquismo exercía sobre a lingua galega e no que enumeraba as prohibicións que pesaban sobre ela: non se podían publicar revistas ou xornais culturais, non se podía empregar en conferencias e actos culturais, impedíase a tradución ao galego desde outras

linguas, o galego deixábase fóra de todo o sistema educativo e da Igrexa... A denuncia foi presentada polas asociacións galegas no exilio por motivos de eficacia e porque Piñeiro, por razóns obvias, non podía asinar ese escrito.



11 Francisco Fernández del Riego: *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Galaxia, 2000, pp. 36-37.

En 1956, por iniciativa do Consello de Galicia, organismo do exilio en América, celebrouse o Congreso da Emigración Galega en Bos Aires, e Ramón Piñeiro presenta o relatorio “A defensa do idioma, vencello espiritual de todos os galegos” que logo vai incluír no volume *Olladas no futuro*. Neste traballo presenta un plan para a elaboración dun gran dicionario galego e a creación dun Padroado da Lingua Galega que financiase este proxecto e artella-se os medios técnicos que se precisaban. Piñeiro preocupouse tamén por editar o material lexicográfico histórico do padre Sarmiento, *Onomástico etimolóxico de la lengua gallega*, que non chegou a publicarse. Si ve a luz o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González (entre 1958 e 1961), financiado pola Casa Galicia de Caracas, grazas ao chamamento de Piñeiro no devandito Congreso da Emigración.



*A linguaxe e as linguas*, discurso co que ingresou na Real Academia Galega.

Durante a década dos corenta a Real Academia Galega era unha institución paralizada. En 1951 comeza a incorporación á Academia de persoas vinculadas ao proxecto da editorial Galaxia –Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo, Xaquín Lorenzo, Carballo Calero, García-Sabell, Fernández del Riego, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Álvarez Blázquez–. En 1967 incorpórase Ramón Piñeiro cun discurso de ingreso que leva por título “A linguaxe e as linguas”, un texto que é considerado por A. Santamarina e H. Monteagudo como o agromar da sociolingüística galega. Nel salienta que a lingua é a principal forma de manifestación da cultura que creou o pobo galego. Verbo da situación do galego destaca tres prexuízos que pesan sobre o noso idioma, e expón argumentos para rebatelos.

- Un prexuízo sociolóxico segundo o cal a promoción social só sería posible a través do castelán: “Esta discriminación social por medio da diferenciación lingüística tivo como resultado o complexo colectivo de inferioridade que tan arraigado está na alma galega”.<sup>12</sup> E polo que respecta ás elites, reflíctese na “renuncia á personalidade propia e na asimilación mimética da allea”.<sup>13</sup> A loita contra este prexuízo era, segundo Piñeiro, o obxectivo máis urxente que se pode acadar cando se recupere a dignidade e a confianza colectiva de Galicia, logo dunha revolución espiritual que a libere “das taras psicolóxicas que a veñen eivando xeración tras xeración”.<sup>14</sup>
- Un prexuízo lingüístico que pon en cuestión as posibilidades do idioma debido á fragmentación dialectal, á anarquía ortográfica e ao desprestixio social. Os dous primeiros problemas considerábaos, xa naquel tempo, en vías de solución e doadamente superables por medio dunha unificación normativa e ortográfica. Máis grave é o desprestixio social que deita do complexo de inferioridade antes citado e de factores históricos. Con todo, Piñeiro amósase optimista e aposta por “gañar dúas batallas idiomáticas: a do prestixio cultural e a do prestixio social”.<sup>15</sup>
- Un prexuízo ideolóxico, segundo o cal a pluralidade idiomática é contraria ao progreso e debe ser substituída por unha lingua universal. Aínda téndomos en conta, opina Piñeiro, a necesidade dunha lingua común para dar conta do “patrimonio cultural das innumerables ciencias”<sup>16</sup> ou para facilitar a interacción coas máquinas electrónicas, a lingua universal suporía aniquilar a capacidade creadora do home e sabemos que a humanidade se realiza “a través da pluralidade, da diversidade”.<sup>17</sup>

---

12 Ramón Piñeiro: *A linguaxe e as linguas*, Galaxia, Vigo, 2008, p. 77.

13 Ibidem.

14 Ibidem, p. 79.

15 Ibidem, p. 82.

16 Ibidem, p. 90.

17 Ibidem, p. 95.



Ramón Piñeiro ingresou na RAG o 25 de novembro de 1967.

Á parte do seu discurso académico, o interese de Piñeiro por temas referidos á lingua espállase en varios ensaios e artigos: “A lingua, sangue do espírito” (1952), “Transcendencia social do idioma” (1954), “Un século de renacer cultural” (1963), “Galicia nos estudos luso-brasileiros” (1966), “O pensamento galego” (1968), “Unha revolución na nosa lingua” (1970), “Menosprezo social da lingua” (1972) e “Carta a don Manuel Rodrigues Lapa” (1973). Ademais, participou na elaboración das normas ortográficas de 1971 e nas de 1982. Como deputado encargouse da xestión política e defendeu ante o Parlamento a Lei de normalización lingüística (1983) que el considerou un dos maiores logros da súa xeración. FOTO 40: Epistolario de Piñeiro editado por Francisco Fernández del Riego.

## || Textos e actividades

### Carta a Fernández del Riego sobre a tradución de Heidegger

Lugo, 15 de febreiro de 1950

Temos o proxecto de traducir un texto filosófico ao galego para aniquilar dunha vez a tese insidiosa de Dámaso e outros, segundo o cal o galego só serve para facer poesías ou para lles falar aos labregos, pero é inepto para facer ciencia ou filosofía. Pensamos

escoller un texto de Heidegger, por ser o filósofo de máis renome universal nestes tempos, e para darlle máis valor escollemos un traballo que non está traducido ao castelán e xestionamos, do propio Heidegger, un prólogo especial para a tradución galega. Xa comprendes facilmente que este plan responde a unha imprescindible e inapreciable “política da lingua” que debemos levar a cabo con rigor.

Francisco Fernández del Riego, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Galaxia. (Adaptación)

- Cal era o propósito que tiñan Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega ao traduciren a Heidegger?
- Por que escolleron este autor e este texto?



## Limiar á tradución da conferencia *Da esencia da verdade*

O cultivo da lingua galega como instrumento de cultura, decote incrementado con novos vieiros, conta cunha brillante tradición no campo da expresión poética e comeza tamén a tela no da prosa literaria. Pola contra, como instrumento expresivo do pensamento filosófico culto carece aínda de tradición.

Ao traducirmos *Von Wesen der Wahrheit*, de Martin Heidegger, quixemos contribuír á actual iniciación do noso idioma neste campo fundamental da expresión cultural. Coidamos que o ter acreditado eficaz aptitude expresiva diante dun pensamento filosófico tan sutil e rigoroso como o de Heidegger, garántelle amplamente á lingua galega a posesión das máximas posibilidades para a manifestación dun vigoroso e rico pensamento orixinal.

Que esta tradución veña arriquecer tales posibilidades é a única cobiza que nos moveu a facela. Folgámonos de que apareza valorizada cunha carta prólogo escrita especialmente por Heidegger para ser incluída na tradución galega da súa obra.

Limiar da tradución de *Da esencia da verdade*, Galaxia. (Adaptación)

- Que baleiro pretendía encher a Editorial Galaxia con esta tradución?
- Que importancia tiña, segundo os editores, a tradución deste tipo de textos?

## **Carta do xornalista Juan Aparicio a un ministro de Franco**

En Galicia, algún pedantón traduce a filosofía alemana con ritmo de gaita, como en la Fundación Bernart Metge se vertía a los clásicos grecolatinos a una jerga que era más bien un “patois” gabacho. El teatro popular valenciano es gordo y picante como la cebolla; pero no pidan peras al algarrobo. El escritor que escribe en la colección Grial de la Editorial Galaxia, de Vigo, o redacta versos en antañosa lengua de Oc o en más arcaico vascuence, porque el castellano le parece tosco, infiel e inexpressivo, es un escritor que tiene faltas de ortografía en su pluma y en su alma, avergonzándose de que se le vean tales vergüenzas al desnudo. Querido y respetado Raimundo, habría que someterles a una cura psicoanalista o traerles a Madrid por las buenas o por las malas, para que tonifiquen su sistema moral y su sistema nervioso. Yo no olvido la consigna de Mussolini: “Quien tiene el hierro tiene el pan”. O viceversa.

Reproducido por Xesús Alonso Montero en *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954*, Xerais. (Adaptación)

- Como cualificarías a reacción deste xornalista franquista ante a tradución de *Da esencia da verdade*? Por que?
- Que significa a palabra *patois*? Que connotación posúe? Con que intención a emprega o autor do texto?
- Que quere dicir cando se refire a Piñeiro denunciando que ten faltas de ortografía na pluma e na alma?
- Por que cres que a tradución dun texto filosófico e a edición dunha revista provocaron esta reacción?

## Denuncia da persecución do galego ante a UNESCO

O Estado español vén exercendo desde 1936 unha teimosa acción prohibitiva sobre o cultivo das linguas rexionais fornecidas de tradición cultural enxebre. Para clarexar e fixar o verdadeiro alcance desta acción, deste procedemento anticultural, queremos documentala con algúns feitos escollidos ao chou. Porén, sinalaremos tres características de tipo xeral respecto ao funcionamento desta acción negativa:

- a) O carácter absoluto do control que o Estado exerce sobre a vida cultural. Non pode publicarse nada, absolutamente nada, que non sexa previamente examinado e autorizado pola censura estatal. Nin un libro de versos, nin de filosofía, nin de economía, nin unha novela, nin un libro de contos, aínda que se trate de contos infantís.
- b) O carácter totalitario da censura. Nin o autor nin o editor dun libro teñen regras obxectivas a que aterse.
- c) O carácter gubernativo e non legal das prohibicións. Moitas das prohibicións non constan en ningunha lei escrita e promulgada. Son simples ordes da autoridade gubernativa. Mais, dado o carácter ditatorial do actual Estado español, as ordes teñen naquel país teñen toda a forza executiva e coercitiva dunha lei, coa desvantaxe para o cidadán de que son para el inapelables.

Estas tres características xerais do funcionamento da censura estatal exércense con todo o seu poder negativo sobre o desenvolvemento das linguas rexionais. Uns cantos datos concretos poderán facelo evidente:

1. A prohibición de publicar revistas ou xornais culturais ou informativos nas linguas catalá, galega e vasca.
2. A prohibición de publicar artigos ou noticias nas devanditas linguas. O actual director xeral de Prensa enviou unha circular a todos os directores de xornais de Galicia prohibíndolles terminantemente o uso da lingua galega. Neste mesmo ano 1954 os tres millóns de galegos que viven na propia Galicia non puideron ler nin unha soa liña escrita no seu idioma galego.
3. A prohibición de empregar a lingua galega nas conferencias ou actos culturais. Un gobernador civil prohibiulle á Real Academia Galega que utilice a lingua para cuxo cultivo e estudo foi fundada.
4. A prohibición de publicar traducións de linguas modernas ao catalán, galego ou vasco.
5. A prohibición tallante aos escolares para utilizaren a lingua galega.
6. Cóutanlle, así mesmo, aos cregos a utilización nos sermóns, malia a obriga de predicar o evanxeo na lingua dos fieis. Mentres estudan no seminario prohíbeselles que o falen entre si mesmo nas conversas privadas.
7. En ningún dos centros de ensino de Galicia, incluída a Universidade de Santiago, se ensina lingua e literatura galega.

Tamén é necesario salientar que o Seminario de Estudos Galegos foi clausurado en 1936.

Aos representantes do Estado español na UNESCO débeseles informar con total claridade de que o respecto e o amor ao patrimonio cultural da humanidade é a lei esencial da UNESCO e de que esta lei é incompatible con toda actividade anticultural. Todo pobo ten o incuestionable dereito colectivo a usar o seu propio idioma como instrumento de cultura. Fronte a isto nós denunciámos con feitos concretos que lingua galega xamais sufriu durante oito séculos de existencia literaria o grao de persecución que agora padece. Isto sucede cando no mundo existe e funciona a UNESCO. Confiamos en que refugará a complicidade moral do silencio diante dos feitos que tan brutalmente contraían os seus propios fins e ideais.

[Ramón Piñeiro], *Denuncia ante a UNESCO da persecución do idioma galego polo Estado español*, edición facsímile, Xerais. (Adaptación)

- En que ámbitos se prohibía o uso do galego segundo a denuncia?
- Visita a páxina [http://www.culturagalega.org/lg3/novidade.php?Cod\\_prdccn=42](http://www.culturagalega.org/lg3/novidade.php?Cod_prdccn=42) e descubre máis datos sobre a “batalla de Montevideo”. Quen foi o principal colaborador de Piñeiro en Bos Aires para levar a cabo a denuncia? Por que cres que se repartiou tamén en castelán, francés e inglés?
- Infórmate en <http://portal.unesco.org> de que labor realiza a UNESCO. Por que este organismo era un foro especialmente axeitado para esta denuncia?
- Procura a información nunha enciclopedia e di:

-Que era o Seminario de Estudos Galegos? En que ano se creou? Cales eran os seus obxectivos? Onde tiña a súa sede? Tras ser clausurado pola represión franquista, que institución o substituíu?

- Visita a web da Real Academia Galega en [www.realacademiagalega.org](http://www.realacademiagalega.org) e responde:

-Cando se fundou?

-Que académicos propuxeron instituír un Día das Letras Galegas? En que ano?

-Fíxate no plenario. Quen ocupa actualmente a cadeira que no seu día foi de Ramón Piñeiro?

-Que papel che parece que xogou Piñeiro con respecto á lingua galega ao longo da súa vida? Cubre o formulario no “Espazo aberto” correspondente á epígrafe do Día das Letras Galegas deste ano 2009 e envía a túa opinión.

## 6. O FILÓSOFO QUE NON PUIDO SER



Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro traduciron *Da esencia da verdade*, de Martin Heidegger. *Filosofía da saudade* recompila cinco traballos de contido filosófico.

Ramón Piñeiro non viviu a vida que lle gustaría ter vivido, nun país que non estivese abafado por unha ditadura feroz e no que non se atopase na obriga de comprometerse politicamente co traballo a prol do galeguismo. Outramente, dedicárase máis á filosofía do que o fixo, como confesou nalgunha ocasión. Aínda que de novo sentía curiosidade pola lingüística, as experiencias padecidas na guerra e, máis tarde, na cadea inclinárono cara á filosofía. Foi en 1942 cando se trasladou a Madrid para cursar esta disciplina, pero o seu paso pola universidade constituíu para el unha gran decepción, e a súa formación dependeu máis do seu interese persoal ca da formación recibida nas aulas. Piñeiro lembra a *Introdución á filosofía* de A. Müller –pertencente á corrente fenomenolóxica– como a primeira obra que lle achegou unha formación sistemática.

Dentro das liñas marcadas polo proxecto da editorial Galaxia, xa en 1950 tiña Ramón Piñeiro de traducir ao galego *Da esencia da verdade*, de Martin Heidegger, pero, como xa vimos, a violenta reacción das autoridades franquistas aprazou a edición ata 1956. As cir-


cunstances adversas no seu período académico non afectaron, porén, a unha breve pero lúcida obra filosófica, na que destaca un tema polo que se interesaría en varios traballos: a saudade. Aínda que xa fora obxecto de análise por parte doutros autores anteriores, os estudosos da obra de Piñeiro coinciden en afirmar que foi el quen o elevou a un nivel que ninguén acadara ata ese momento. Xustamente este é o tema do primeiro artigo de filosofía que publica. Trátase da separata do primeiro número dos cadernos da Colección Grial (1951) que leva por título “Significado metafísico da saudade”. Neste artigo, Ramón Piñeiro pretende demostrar que un dos trazos distintivos dos galegos é a saudade, definida como o sentimento da soidade ontolóxica do home. Torres Queiruga cre que Ramón Piñeiro logrou o recoñecemento da saudade como “unha marca da nosa identidade cultural como pobo”.<sup>18</sup> Enfrontouse, xa que logo, a este traballo co claro obxectivo de actuar como símbolo da identidade galega e así foi interpretado polos lectores. O éxito deste primeiro traballo atribúeo Piñeiro a que a xente xa estaba afeita a ler entre liñas e decatábanse de que non era só un tratado filosófico. Ao mesmo tempo, as reflexións metafísicas sobre a saudade sérvenlle para intentar afirmar a europeidade de Galicia nun momento no que España vivía illada do resto de Europa. Segundo Dias de Magalhães “situou o saudosismo filosófico no panorama do pensamento contemporáneo e xustificou a posibilidade e as características dunha filosofía galego-portuguesa”.<sup>19</sup> A saudade, segundo Piñeiro, está presente noutros lugares de Europa, pero posúe en Galicia máis intensidade e unha modulación propia. Ademais, relacionou este sentimento coa lírica galego-portuguesa, que nos achega autenticidade dentro das culturas europeas.



Exemplar de *Significado metafísico da saudade* dedicado ao seu amigo Fermín Penzol.

18 Andrés Torres Queiruga: “Ramón Piñeiro: a saudade elevada a rango metafísico”, *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 1991, p. 17.

19 VV.AA.: *Dicionario enciclopedia do pensamento galego*, Xerais/Consello da Cultura Galega, Vigo/Santiago, 2008, pp. 253-254.



*Grial* n.º 10, no que Piñeiro publicou o artigo “Platón en galego.”

Piñeiro ocúpase en 1952 do tema da saudade na máis alta figura da lírica que dera Galicia ata o momento: “A saudade en Rosalía”, no volume colectivo *7 ensaios sobre Rosalía*, afastándose da visión tópica e sentimental que ata daquela se dera. No traballo “Para unha filosofía da saudade” (1953) incluído no libro colectivo *La saudade* tenta demostrar que a saudade é diferente e máis fonda que a angustia heideggeriana. Será en 1955 cando, ao lle pediren unha comunicación para o I Congreso de Filosofía de Braga, redacte “A filosofía e o home”, publicada logo no número 2 da revista *Grial* (1963) . Neste traballo, recollido tamén no volume *Filosofía da saudade* (1963), despois de reparar na evolución histórica da filosofía como resposta, interésase pola vía antropolóxica como “novo camiño na esculca filosófica”.<sup>20</sup>

20 Ramón Piñeiro: “A filosofía i o home”, *Grial* n.º 2 (1963), p. 118.

En 1965, no número 10 de *Grial* publica “Platón en galego”, un artigo que fai as veces de limiar da tradución do “Mito da espenuca” de M. Vidán Torreira. Faino ademais o propietario da platoniana “mesa de braseiro”, un símbolo do diálogo que el consideraba unha das dimensións fundamentais do espírito humano. Neste artigo comenta a importancia de tradución de Platón ao galego e a alegría porque se verta á nosa lingua un fito da cultura universal e a “necesidade de os traducir a todas as linguas cultas”<sup>21</sup> amosando deste xeito dúas das características dos estímulos que o moveron: o empeño en dignificar a lingua e o seu amor pola sabedoría.



A mesa camilla converteuse nun símbolo de Ramón Piñeiro.

O primeiro volume que publicou foi a recompilación de artigos *Olladas no futuro* (1974), obra non estritamente filosófica que recolle o seu pensamento sobre temas moi diversos e na que incluíu artigos sobre Castelao, Pedrayo,

Cabanillas, Cunqueiro, Pimentel e tamén sobre lingua e literatura, emigración, historia, cultura ou economía. Tamén é autor da voz “Saudade” na *Gran Enciclopedia Gallega* (1984) e da recompilación *Filosofía da saudade*, dese mesmo ano.

Piñeiro foi un pensador en sentido amplo que tivo como obxecto das súas reflexións tres liñas básicas: lingua, cultura, pobo. En definitiva, Galicia. Neste sentido é interesante a conferencia “Consideracións sobre a cultura galega”, pronunciada en Vigo e publicada en 1980, na que resume outras achegas anteriores.

---

21 Ramón Piñeiro: “Platón en galego”, *Grial* n.º 10 (1965), p. 439

## || Textos e actividades

### Un rapaz reflexivo

Unha destas veces, estando eu só coas vacas, apoieime na aguillada para sentirme máis cómodo, pero como a terra do prado estaba moi mollada e branda a causa da chuvia, a aguillada empezou a baixar. Non sei por que estraña razón se me ocorreu pensar que se a aguillada seguía baixando, tería que acabar nalgún sitio, pero que se acababa, a terra tiña que estar suspendida no aire. Foi a primeira vez que batín coa idea de infinito e recordo que me produciu unha sensación dolorosa, de tortura íntima, pois non conseguía entender o significado daquel enigma.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia/Fundación Caixa Galicia.

- Tense dito que Piñeiro foi un pensador intimamente vinculado á terra. Pensas que a orixe rural de Piñeiro puido condicionar a súa forma de pensar?
- Cres que experiencias coma a que conta no texto revelaban un interese precoz pola filosofía ou foron máis decisivas outras vivencias coma as da guerra ou o cárcere?

### Os estudos de filosofía

O meu paso pola universidade non supuxo, porén, nada importante na miña preparación intelectual e constitúe un capítulo secundario na miña vida. As miñas ilusións sufriron unha gran decepción ao chegar á facultade, dominada naqueles anos da inmediata posguerra por un conservadorismo escolástico que non tiña nada que ver co que eu esperaba. Na facultade, xa que logo, non adquirín a formación filosófica que procuraba. Por outra parte, eu estaba xa moi metido na política, algo que consideraba como un imperativo moral, como un acto de fidelidade ao meu país e para cos amigos que morreran, e iso ocupábame bastante tempo. Como ademais os galeguistas eramos moi poucos, eu sentíame máis responsable, por iso me dediquei con intensidade ás actividades do Partido Galeguista na clandestinidade en detrimento dos meus estudos universitarios.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia/Fundación Caixa Galicia. (Adaptación)

- Que opinión ten Piñeiro do seus estudos universitarios?
- Por que razón sacrificou eses estudos?
- A que se refire coa expresión “imperativo moral”?




Texto da conferencia pronunciada en Vigo en 1980.

### A dobre realidade de Galicia

Cando se trata de caracterizar a personalidade colectiva de Galicia ou de Portugal, as palabras “saudade” e “lirismo” sempre resultan ser as preferidas, talmente coma se traducisen mellor que ningunha outra os trazos da nosa fisionomía espiritual que chaman a atención dos demais. E para nós é fundamental ese esforzo por nos coñecermos, por descubrir e tomar conciencia da nosa propia identidade, porque, o mesmo que todos os pobos, necesitamos ter conciencia da nosa personalidade colectiva. Só así, tendo conciencia da personalidade verdadeira, poderemos seguir sendo un pobo. De non termos esa conciencia, quedaremos reducidos á simple condición de país habitado. Galicia é unha realidade dobre: por unha banda, é unha realidade xeográfica; por outra banda, é unha realidade humana. Ou sexa, un país e un pobo; unha terra e unha cultura. Como

país, é un espazo xeográfico do Noroeste peninsular; como pobo, é unha comunidade humana con personalidade cultural propia. Se a personalidade peculiar de Galicia como país se reflicte na súa paisaxe, a personalidade peculiar de Galicia como pobo reflíctese na súa cultura. Paisaxe e cultura son a “facies” externa e a “facies” interna da realidade total de Galicia [...] Cada comunidade social, cada pobo, ocupa un territorio, un ámbito espacial cun determinado medio físico; pero sobre ese medio físico crea un medio cultural formando ideas, de sentimentos, de instrumentos e técnicas de traballo, de institucións etc.; ou sexa, sobreposta ao medio físico, o home crea unha realidade súa, especificamente humana, na que se educa e configura a personalidade de todos os membros da comunidade social. A esta resposta chamámoslle cultura.

Ramón Piñeiro, “Saudade e sociedade, dimensións do home”, *Filosofía da saudade*, Galaxia. (Adaptación)



Exemplar da conferencia “Consideracións sobre a cultura galega” (1980) dedicado a Xosé Chao Rego.


- Por que cre Piñeiro que é importante sermos conscientes da personalidade colectiva?
- A que aspectos se refire cando afirma que Galicia é unha realidade dobre?
- Como define Ramón Piñeiro a cultura?
- De que está tomada a palabra 'facies'? A que vocábulos galegos deu orixe este termo?

### A recepción de *Significado metafísico da saudade*

O que máis me chocou despois de publicar aquel primeiro ensaio sobre a saudade foi comprobar que había moita xente que entendera correctamente a mensaxe e que se decatara de que alí se trataba de facer unha afirmación da nosa personalidade. Supoño que esa capacidade para comprender era debido a que, desde o ano 1936, a xente estaba moi

sensibilizada coas linguaxes indirectas e tiña unha capacidade perceptiva moi acusada para comprender as mensaxes cifradas, que era como había que expresarse entón para superar a presión do ambiente.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia/Fundación Caixa Galicia.



As memorias iniciadas por Piñeiro rematounas Carlos Casares.

- Cal era a comprensión 'correcta' do texto a que alude Piñeiro?
- Por que había que empregar mensaxes cifradas?
- No artigo sobre a saudade da *Gran Enciclopedia Gallega*, Ramón Piñeiro dedicou un apartado á saudade en Galicia. Búscalo e responde:
  - Como define este sentimento?
  - Trátase de algo exclusivo do pobo galego? Hai algo que o faga especial en Galicia segundo Piñeiro?
  - Con que relacionaba a saudade na Idade Media e na actualidade?

## 7. UN HOME POLÍTICO

De todos os eidos que labrou Ramón Piñeiro ao longo da súa vida é, sen dúbida, o político o máis importante de todos. Por parte, é difícil, se non imposible, xebrar este campo dos demais, xa que o seu traballo dentro do grupo Galaxia, na Real Academia Galega, o seu labor de ensaísta, tradutor, conferenciante ou guieiro das novas xeracións foi un labor plenamente político.

Xa sabemos que se incorporou moi cedo ao movemento galeguista e que formou parte das Mocidades Galeguistas e que foi un activista na campaña de plebiscito do Estatuto en 1936. Tamén vimos que logo da Guerra Civil se dedicou á reconstrución do fráxil Partido Galeguista e que o seu traballo na clandestinidade o levou ao cárcere entre 1946 e 1949. Logo, co cambio de rumbo da estratexia galeguista, converteuse nunha das figuras máis importantes da recuperación cultural dende os anos cincuenta.

Durante a década dos cincuenta, logo da morte de Castelao, acentuáronse as diferenzas entre o grupo de Galaxia e os galeguistas do exilio, que os acusaban de abandonar a loita política a polo culturalismo. As distintas posicións foron confrontadas nunha reunión celebrada no ano 1957 na que Piñeiro rebate de forma contundente os argumentos e os reproches feitos desde o Consello de Galicia de Bos Aires. Neste texto, que comparten os seus compañeiros do interior, volve repetir que o afastamento dos exiliados non lles permite ver con acerto as circunstancias polas que atravesamos baixo a peso da ditadura franquista, e que todo o que se fai no interior é un labor político ao que non lle falta visión nin eficacia, para o que presenta como exemplo a denuncia feita na VIII Asemblea da UNESCO. Tamén soubo ver que, fose cal fose o réxime que seguise á ditadura, había ser algo totalmente distinto ao anterior á Guerra Civil.

Durante estes anos o grupo Galaxia tiña dous polos: por un lado, Vigo, no que estaba sede a editorial; por outro, Santiago de Compostela, onde Ramón Piñeiro entraba en contacto coas novas xeracións universitarias para atraelas cara ao galeguismo. Foi así como Piñeiro iniciou un labor socrático desde a súa célebre “mesa de braseiro”, no piso de Xelmírez 15, que se converteu nun símbolo daquela época. Polo seu domicilio pasaron unha procesión de persoas ás que atendeu con paciencia infinita e procurou preparar os máis novos para a Galicia posterior á ditadura.

Nos anos 60 o panorama político mudou ao se incorporaren á acción política mozos e mozas á marxe dos que tutelara Ramón Piñeiro e o grupo Galaxia. Así xorde a Unión do Pobo Galego que contesta a acción cultural e o tipo de galeguismo representado por Piñeiro. Mentres tanto, Ramón Piñeiro considera que non é conveniente reducir o movemento galeguista a un só partido, xa que a súa adscrición –tanto que fose á esquerda coma á dereita– deixaría fóra aqueles galeguistas que non sintonizasen con esa ideoloxía. Nesta liña, cómpre lembrar unha sentenza súa –galego por nación, español por historia, europeo por cultura– que reflicte a súa concepción dun galeguismo non nacionalista

segundo a cal consideraba fundamental a formación dunha Galicia galeguista para que, a partir desa base, agromasen tendencias ideolóxicas de distinto signo. Nun contexto no que rexurdía unha oposición política organizada, o grupo de Piñeiro decide, xa que logo, non reactivar o Partido Galeguista, senón que o galeguismo estea presente en todos os partidos. Por esta razón, e en paralelo á actividade cultural, pretenden poñer as bases para a aparición de dous partidos políticos: un democrata-cristián e outro socialdemócrata –que daría lugar ao Partido Socialista Galego, fundado en 1963–, é dicir, segundo o modelo de partidos que existía en Europa e que eles prevían que se reproduciría en Galicia ao final da ditadura. Piñeiro encargoulle o primeiro proxecto a Xaime Illa Couto e o segundo a Francisco Fernández del Riego, que vía nel un proxecto “máis de laboratorio que de posibilidades reais”<sup>22</sup> e do que máis tarde se desentendeu.



*Olladas no futuro* (1974) recompila traballos de temas variados.

Franco morreu en novembro de 1975 e a partir dese momento abriuse un proceso de reforma do réxime anterior que rematou coa chegada da monarquía na persoa de Xoán Carlos I. Logo aprobouse a Constitución, en 1978, na que se recoñecía a Galicia como

---

22 Francisco Fernández del Riego: *Camiño andado*, Galaxia, Vigo, 2003, p. 225

nacionalidade histórica e se prevía a creación dun Estado das autonomías. No mes de abril constituíuse a Xunta de Galicia provisional e en xuño dese mesmo ano 78 un grupo de galeguistas promoveu a refundación do Partido Galeguista, ao que –tampouco desta volta– non se incorporou Ramón Piñeiro.



Piñeiro participou na creación do Instituto Galego de Información, unha idea de Lorenzo Varela que promoveu Isaac Díaz Pardo.

A Xunta preautonómica encargoulle a unha comisión a redacción dun Estatuto que foi aprobado en xuño de 1979. Con todo, no seu paso polas Cortes de Madrid, o goberno da Unión de Centro Democrático quixo rebaixar o nivel de competencias da autonomía galega e aprobou un Estatuto cos votos en contra de toda a oposición, o que se coñece como “Estatuto da aldraxe”. Esta decisión provocou unha mobilización sen precedentes en Galicia e foi neste momento cando se produciu a reacción de Ramón Piñeiro e do grupo Galaxia que, á fronte dun colectivo de persoeiros da cultura chamado Realidade Galega, elaborou un documento no que reclamaban un estatuto que fose homologable ao catalán e ao vasco. Este novo estatuto foi aprobado en referendo o 21 de decembro de 1980.



Os catro deputados galeguistas.

Nunha criticada decisión, Ramón Piñeiro pensou que, dadas as escasas posibilidades que tiñan os partidos nacionalistas de acceder ao Parlamento, era oportuno aceptar a oferta do PSOE de incluír nas súas listas, como independentes, catro galeguistas: Benxamín Casal, Carlos Casares, Alfredo Conde e o propio Piñeiro. Durante a súa etapa parlamentaria, Piñeiro destacou polo seu labor de mediador entre as distintas forzas políticas e pola xestión política que realizou para a aprobación da Lei de normalización lingüística.

A opción de galeguizar todos os partidos no canto de constituír un único partido galeguista é o que se coñeceu por piñeirismo e constitúe a cara máis polémica e contestada de Ramón Piñeiro. Outros membros do grupo Galaxia, como Fernández del Riego –co que tivera desencontros no seo da editorial– non acompañaron a última etapa política de Piñeiro e viron desde un segundo plano os acontecementos políticos.

No artigo 32 do Estatuto establecíase a creación dun Consello da Cultura Galega, que tería un carácter asesor e consultivo e debería desenvolver as iniciativas precisas para a defensa e promoción da cultura galega. Ramón Piñeiro foi o seu primeiro presidente, responsabilidade que desempeñou dende 1983 ata a súa morte en 1990.

FOTO 28: Ramón Piñeiro foi o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega.

Os esforzos de Piñeiro e os seus compañeiros de xeración conseguiron coa súa estratexia de resistencia cultural, segundo asegura nas súas memorias, que o galeguismo lle gañase a Franco “unha batalla decisiva: a batalla do futuro”.<sup>23</sup> Despois actuou no ámbito público

---

23 Ramón Piñeiro: *Da miña acordanza. Memorias*, op. cit., p. 156.

e no privado, para que o plan trazado a comezos da década dos cincuenta acadase os seus obxectivos. O Estatuto, o autogoberno e a Lei de normalización lingüística viviunos como éxitos propios dunha xeración que tivo que agardar 40 anos para recuperar a democracia. O percorrido político de Ramón Piñeiro é tamén a historia que conta como o fillo duns labregos da Armea se converteu, durante máis de 30 anos, na persoa máis influente da política galega.

## || Textos e actividades

### Xelmírez 15, 4.º

Xelmírez 15, 4.º foi o centro da vida cultural de Galicia por varias décadas. Pero foi, en especial, o centro, o eixe e a encrucillada dos anos escuros. Cómpre reparar amodo no que a mesa de braseiro de Ramón Piñeiro foi para nós. O motor de Piñeiro eran a fe e o entusiasmo. Esa fe súa movía unha vontade férrea de servizo á causa de Galicia. Non hai, nin penso que poida haber nunca, exemplo semellante entre nós de sacrificio, de entrega, de capacidade de ilusión e de ilusionar os demais, de fe na empresa colectiva de dotar un país de conciencia de si mesmo, de visión tan a longo prazo dos problemas que Galicia tiña de afrontar e dos métodos para os resolver.

Pois o que Piñeiro fixo en relación coa mocidade galega universitaria deses anos, nun esforzo por galeguizala, por comprometela na causa galega, por asegurar a continuidade do galeguismo, eu podo asegurar que foi das poucas cousas importantes que tiveron lugar na Galicia da posguerra. Foi un labor tan calado, tan persoal e directo, tan pouco espectacular, que penso que non se vai poder xulgar acaidamente nalgúns anos. A relación de Piñeiro connosco era directa e persoal. Tratábase de galeguizar a xente coa que contactaba, isto é, de crear o que non había.

Xosé Luís Franco Grande, *Os anos escuros I*. (Adaptación)



Piñeiro viviu durante 40 anos en Xelmírez 15, 4.º.

- Que calidades destaca o autor en Ramón Piñeiro?
- Que importancia lles atribúe o texto ás conversas arredor da mesa de braseiro de Piñeiro?
- Como describe o labor que fixo coa mocidade universitaria? Cal era o obxectivo dese labor? Na segunda parte do arquivo “Entrevista a Ramón Piñeiro” do sitio web [http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/podcast/?page\\_id=77](http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/podcast/?page_id=77) explícalo el mesmo.
- Piñeiro defendeu no Parlamento a Lei de normalización lingüística. escoita a súa alocución no mesmo sitio web da actividade anterior.
- Le o preámbulo da Lei de normalización lingüística en: <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.xral-2.pdf> e responde:
  - Que consecuencias tivo o proceso histórico que se describe?
  - Que valor se lle atribúe ao galego dentro da nosa sociedade?

### Dúas visións da acción cultural

Daquela o que dominaba era o piñeirismo, a chamada “alternativa cultural” que se desenvolvía arredor da Editorial Galaxia e propuña o labor literario, a creación de institucións e o abandono da política. Piñeiro liquidou nun momento determinado toda a actividade política do galeguismo de posguerra, liquidou o partido mesmo, e aos mozos ofertábanos un labor cultural, con compromisos políticos, si, pero sen vida de partido, porque non o había. Era paradoxal: constituímonos como grupo pero sen actividade partidaria e, por exemplo, no ano 1956, cando o movemento estudantil no Estado español dá o primeiro pulo cara a diante, en Santiago de Compostela nós non participamos. En todo o Estado español hai folgas e manifestacións contra do SEU, en Santiago de Compostela, non. Non había ninguén, absolutamente ningún grupo político, soamente estabamos nós, e non fixemos nada. Estabamos freados polo culturalismo.

Xosé Luís Méndez Ferrín, citado por Xosé Luís Franco Grande en *Os anos escuros I*, Xerais. (Adaptación)

A loita no eido cultural foi unha moi hábil e moi lúcida estratexia dos que sabían ata que punto eran febles e vulnerables. Os cadros políticos propiamente ditos foran varridos ou inutilizados. Quedaban os intelectuais, os homes de pensamento, e eses combateron coas armas que tiñan: as ideas, a honestidade. Traballaron arreo, e se hoxe ti e máis eu estamos a falar deste xeito débemosllelo a eles, como lles debe a eles o país estar outra volta a acordar. Aquilo tan fermoso de que a herba medra de noite foi literalmente certo na Galicia daqueles anos. E foino porque houbo homes que non desertaron do labor de lle devolver outra vez a conciencia ao país no medio da vandálica barbarie e o ermo cultural da sociedade daquel tempo.

Xosé Manuel Beiras, citado por Xosé Luís Franco Grande en *Os anos escuros I*, Xerais. (Adaptación)

- Cal é a postura dos dous textos anteriores con respecto ao labor político e cultural de Ramón Piñeiro e do seu grupo? Con que argumentos defenden as súas teses?
- A que se refire o autor coa expresión “a herba medra de noite”?

### Os dous Piñeiros

Cústame moito traballo escribir de Ramón Piñeiro. Non me é grato axuizar esta figura realmente central daqueles anos. Pero é necesario facelo. Sucédeme que temo da miña obxectividade, sometido como estou a dúas forzas contraditorias: a figura do Ramón Piñeiro que coñecín nos anos cincuenta e tantos –dinámico, imaxinativo, cheo de fe e de forza, verdadeiramente progresista– e a do Ramón Piñeiro que coñecín nos anos setenta e oitenta, un pouco contrafigura do primeiro –máis ben tardo e conservador, máis conformista e rutineiro–.

Xosé Luís Franco Grande, *Os anos escuros I*, Xerais. (Adaptación)

- Que cambio aprecia o autor do texto en Ramón Piñeiro?
- Que é unha contrafigura? Pareceche axeitado este termo para describir a evolución antes sinalada? Por que?

## Bibliografía

- Allué, X. L. (2005): *Cartas a un mozo galego*. Vigo, Galaxia.
- Alonso Montero, X. (1978): *Política e cultura en Galicia, 1977*. Lugo, Celta.
- Alonso Montero, X. (1994): *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*. Vigo, Xerais.
- Alonso Montero, X. (2003): *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954*. Vigo, Xerais.
- Alonso Girgado, L. e Monteagudo Cabaleiro, T. (2003): *Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*. Santiago, Xunta de Galicia.
- Barreiro Rivas, X. L. (2005): “Cultura política e autonomía en Galicia (1980-2005)”, *Grial* 166, pp. 68-77.
- Beramendi, J. (2005): “Mellor coherentes que realistas”, *Grial* 166, pp. 78-87.
- Beramendi, J. (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo, Xerais.
- Caño, X. M. del (2005): *Conversas con Méndez Ferrín. Historia, literatura, nación*. Vigo, Xerais.
- Casares, C. (2005) *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*. Vigo, Galaxia.
- Dasilva, X. M. (2008): “Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego”, *Grial* 179, pp. 86-97.
- Domínguez Castro, L. e Quintana Garrido, X. R. (2005): “Á busca do autogoberno perdido: nacionalismo posibilista, comunistas e galeguistas históricos na xénese do Estatuto de Autonomía para Galicia (1977-1980)”, *Grial* 166, pp. 28-59.
- Fernández, C. (2000): *O vento do espírito. De Vicente Risco a Ramón Piñeiro*. Vigo, Galaxia.
- Fernández del Riego, F. (1996): *A xeración Galaxia*. Vigo, Galaxia.
- Fernández del Riego, F. (2000): *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo, Galaxia.
- Fernández del Riego, F. (2003): *Camiño andado*. Vigo, Galaxia.
- Franco Grande, X. L. (1985): *Os anos escuros, I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-60)*. Vigo, Xerais.
- Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*. Vigo, Galaxia.
- Monteagudo, H. (2008): “Limiar”, en Ramón Piñeiro: *A linguaxe e as linguas*. Vigo, Galaxia.

- Monteagudo, H. (2008): “Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962). Estratexias de resistencia idiomática fronte ao franquismo”, *Grial* 177, pp. 98-111.
- Piñeiro, R. (1963): “A Filosofía i o Home”, *Grial* 2, pp. 113-119.
- Piñeiro, R. (1965): “Platón en galego”, *Grial* 10, pp. 439-441.
- Piñeiro, R. (1974): *Olladas no futuro*. Galaxia, Vigo.
- Piñeiro, R. (1980): *Consideracións sobre a cultura galega*. Vigo, Caja de Ahorros Municipal de Vigo.
- Piñeiro, R. (1984): *Filosofía da saudade*. Vigo, Galaxia.
- Piñeiro, R. (1991): “Da miña acordanza. Ramón Piñeiro (1915-1990). Memorias. Documentos políticos. Cartas”, *Grial* 111, pp. 333-465.
- Piñeiro, R. (2002): *Da miña acordanza. Memorias*. Vigo, Galaxia/Fundación Caixa Galicia.
- Piñeiro, R. (2008): *A linguaxe e as linguas*. Vigo, Galaxia.
- S. a. [Ramón Piñeiro] (1954): *Denuncia diante a Unesco da persecución do idioma galego pol-o Estado Hespañol* [Edición facsímile, Xerais, 2003].
- Piñeiro, R. (S. d.): “Saudade”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 40. Lugo, El progreso/Diario de Pontevedra.
- Santamarina Fernández, A. (1998): *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña, Real Academia Galega.
- Villares Paz, R. (2004): *Historia de Galicia*. Galaxia, Vigo.
- Villares Paz, R. (2005): “A xénese dunha anomalía”, *Grial* 166, pp. 15-27.
- VV.AA. (1953): *La saudade*. Vigo, Galaxia.
- VV.AA. (1974): *Almanaque*. Vigo, Galaxia.
- VV.AA. (1991): *Homenaxe a Ramón Piñeiro*. A Coruña, Galicia Editorial.
- VV.AA. (2008): *Diccionario enciclopedia do pensamento galego*. Vigo/Santiago, Xerais/Consello da Cultura Galega.